

1.- Palabrario estatístico de educaBarrié

Os dous termos estatísticos que se engadiron esta semana ao **Palabrario** de educaBarrié son:

- *Contraste de hipóteses*, definido por María del Carmen Iglesias Pérez.
- *Nivel de significación*, definido por María del Carmen Iglesias Pérez.

Páxina web: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrario>

2.-Número 36 de Informest

Xa está dispoñible na web da SGAPEIO, no apartado de PUBLICACIÓNS, o número 36 do boletín Informest, que ten o seguinte sumario:

Colaboracións:

- A Lotería do Nadal
- Os avatares de MEeN en Galicia
- E ti como empezas o día?
- Estatística recreativa

Novas da SGAPEIO

IGE

3.-XI Congreso SGAPEIO

Lembramos que o vindeiro xoves 24 de outubro de 2013 comeza o XI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, que se vai celebrar na sede da Fundación Barrié na cidade da Coruña. Dentro do programa do Congreso terá lugar, o venres 25 ás 19:00 horas, a Asemblea Xeral da SGAPEIO na que sairá elixido o novo Consello Executivo.

Máis información: <http://xisgapeio.udc.es/>

4.- Conferencias na Facultade de Matemáticas

A vindeira semana impartiranse dúas conferencias na Facultade de Matemáticas.

- Día: 29 de outubro de 2013
- Lugar: Aula Departamento de Análise, Facultade de Matemáticas

- Conferencia 1 (12:00 h): *An Introduction to Bayesian Structured Additive Distributional Regression*. Nadja Klein, Chair of Statistics, Georg-August-University Göttingen.
- Conferencia 2 (13:00 h): *Structured Additive Distributional Regression in Fishery Research*. Valeria Mamouridis, Institut de Ciències del Mar (ICM-CSIC).

5.- Curso de Meta-análise en rede

O curso **Metanálise en rede** (NETWORK META-ANALYSIS) terá lugar os días 13 e 14 de decembro de 2013 en Lisboa. Está organizado pola Facultade de Medicina de Lisboa en colaboración co Centro Colaborador Portugués da *Red Cochrane Iberoamericana* e o *Grupo de Revisión Cochrane de Enfermedades de Movimiento*.

O curso vaise impartir en castelán, e está dirixido a profesionais sanitarios, persoal de investigación en ciencias da saúde, ciencias sociais ou economía, con coñecementos básicos de revisións sistemáticas e metanálise, e con interese na aplicación das comparacións indirectas e a súa extensión ao metanálise en rede.

Máis información: <http://www.fm.ul.pt/#4572>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>